

ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 6 DE ABRIL DE 2018

Asistentes:

Presidenta

Reboreda Morillo, Susana

Vicedecano

Fernández Fernández, Adolfo

Secretaría

Cadilla Lomba, Josefina T.

PDI

Castro Pérez, Ladislao

Comendador Rey, Beatriz

Juana López, Jesús de

Pérez Losada, Fermín

Prada Rodríguez, Julio

Vaquero Díaz, María Beatriz

PDI contratado

Presedo Garazo, Antonio

Estudantes

Alejandro Ojea, Mónica

Galiña Lorenzo, Juan Manuel

Lozano González, Carlos

Rodríguez Álvarez, Lucía

Alumnado 3º ciclo

Souto Castro, Iria

PAS

Rodríguez Bouzas Josefa

Desculpan a súa ausencia:

PDI

Barriocanal López, Yolanda

López Díaz, María

Na sala de profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Xunta de Facultade que figuran á marxe, o venres 6 de abril de 2018, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 9 de marzo de 2018.

2.- Informe da presidenta.

3.- Elección do/a representante da facultade para as axudas a grupos de investigación do Campus de Ourense – Proxectos INOU.

4.- Aprobación, se procede, do plan de actuación dos servizos permanentes do centro.

5.- Aprobación, se procede, do autoinforme de acreditación do mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.

6.- Aprobación, se procede, do Informe de Revisión pola Dirección do curso 2016/2017.

7.- Aprobación, se procede, do Plan de Melloras da Facultade de Historia do curso 2016/2017.

8.- Asuntos de trámite.

9.- Rogos e preguntas.

A decana pasa a dar lectura dos nomes dos membros da Xunta de Facultade que xustifican a súa ausencia á sesión, e que se relacionan á marxe desta acta.

1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 9 de marzo de 2018.

Apróbase por asentimento.

2.- Informe da presidenta.

Comeza comentando as distintas accións que está nestes momentos coordinando a facultade. A primeira son ás Olimpíadas de Historia, nas que hai nestes momentos oito centros inscritos. O seu desexo é de que se chegue como mínimo a dez centros participantes. Considera que é bo que se realice independentemente do número final de centros interesados porque se trata dunha actividade moi interesante para a facultade.

Outra actividade importante na que se está a traballar é o “III Congreso Internacional da Auga”, para o que se recibiron un número de propostas de comunicacións bastante aceptable. O luns haberá outra reunión, e vaise ampliar o prazo de presentación de propostas para que poidan realizarse novas incorporacións dado que o prazo finalizou en Semana Santa.

Recorda a importancia de que o alumnado realiza ás enquisas de satisfacción, que poden realizarse ata o final do mes de maio. Remitiuse desde o Decanato ao alumnado un mail a modo de recordatorio.

Lembra tamén que se celebrou unha reunión co alumnado tanto presencial como semipresencial para tratar de diferentes aspectos relacionados co grao, en relación co primeiro grupo quedaron en realizar unha proposta para a actividade anual do centro (financiada coa partida do vicerreitorado de campus como actividade extra-académica), realizar a enquisa sobre determinados aspectos do grao que opinaron os de 3º curso para pasarlle ao resto dos cursos e entregar unha foto actualizada dos membros da delegación de alumnado da facultade.

En relación aos estudantes Erasmus, hai un aspecto que se tratou na Comisión de Calidade do día 5 de abril, en relación ao sistema de selección que se aplica dende hai moitos anos e que non está rexistrado como tal en ningún documento, o que obriga a que se deba tratar proximamente incluíndo na orde do día da xunta de facultade para que quede dese xeito institucionalizado. Lembra que dese a ORI, se pide todos os anos que se manden eses criterios por escrito.

3.- Elección do/a representante da facultade para as axudas a grupos de investigación do Campus de Ourense – Proxectos INOU.

Previamente preguntouse a Prof^a. Beatriz Comendador, quen confirma a súa continuidade como representante da facultade, pero precisa que se designe unha persoa substituta porque ten previsto participar en varios proxectos e é posible que non estea o día da convocatoria, propónse ao Prof. Fermín Pérez Losada para no caso de non poida estar presente Beatriz Comendador.

4.- Aprobación, se procede, do plan de actuación dos servizos permanentes do centro.

Trátase dun documento que deriva da actuación dos servizos de xerencia, representados no campus pola administradora, Pilar Joga, aínda que non depende do centro hai que aprobalo en Xunta de Facultade. Apróbase por asentimento.

5.- Aprobación, se procede, do autoinforme de acreditación do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.

O autoinforme que se enviou coa convocatoria está xa validado pola Comisión de Calidade. O ano pasado acreditouse o Grao en Xeografía e Historia e este ano correspóndelle ao Mestrado, o que esixe realizar un documento no que se analizan os tres últimos anos de implantación do título. Ademais das evidencias subidas á plataforma Avalía da ACSUG hai que elaborar un autoinforme no que se reflexiona sobre os aspectos máis significativos do título en relación coa memoria verificada. Desexa reiterar os seus agradecementos ao Prof. Antonio Presedo e a administrativa Josefina Cadilla. Explica que o problema principal e que causou importantes trastornos foi modificaron en moitas ocasións dos datos que proporciona a Unidade de Análise e Programas, o que provocou a continua remodelación das táboas e das análises. Neste autoinforme se inclúen as suxerencias que enviaron os membros da Comisión de Calidade, especialmente o profesorado máis implicado no título (Beatriz Comendador, Fermín Pérez e Adolfo Fernández).

O seguinte paso, trala aprobación do autoinforme, é a preparación da visita da comisión avaliadora que virá ao cento probablemente no mes de maio, para entrevistarse con todos os grupos de interese do título que, durante tres anos estivo coordinado por Beatriz Comendador e que neste último curso académico foi coordinado por Fermín Pérez, que levarán, na medida do posible, os preparativos previos. Onte na Comisión de Calidade xa se traballou , nos distintos aspectos que se tratarán o día da visita.

Apróbase por asentimento o autoinforme.

6.- Aprobación, se procede, do Informe de Revisión pola Dirección do curso 2016/2017.

Este informe realízase anualmente e é conxunto para todos os títulos do centro, tanto de grao, como dos mestrados. Nel analízanse no informe unha serie de aspectos tanto relativos aos recursos (humanos e materiais) e outros relacionados cos resultados. Este ano este informe substitúe ao de seguimento de cada título que so farase no caso de que vaia a ser revisado pola ACSUG. Para todo isto volve recalcar que son fundamentais as enquisas de satisfacción, en función dos resultados propóñense ou non melloras, o que explica a gran utilidade que teñen as enquisas.

Apróbase por asentimento.

7.- Aprobación, se procede, do Plan de Melloras da Facultade de Historia do curso 2016/2017.

Este documento, xa enviado coa convocatoria, recolle os puntos febles detectados nos títulos durante a elaboración do Informe aprobado no punto anterior e propón as correspondentes accións de mellora e as datas posibles de elaboración e revisión, así como as persoas responsables da súa execución.

Apróbase por asentimento.

8.- Asuntos de trámite.

Non se presentan.

9.- Rogos e preguntas.

Pide a palabra a alumna de terceiro ciclo Iria Souto para explicar que xa teñen o programa das VI Xornadas “Cando Mario coñeceu a Clío”, que se realizarán os días 18 e 19 de abril. Da lectura brevemente ao programa e indica ás persoas que participarán. Un dos fins que se pretenden con estas xornadas é acercar a Historia á sociedade.

Intervén tamén o alumno Juan Manuel Galiña, para aclarar que este ano as xornadas sufriron unha profunda renovación, e que están máis enfocadas á Historia. Solicita profesorado que desexen asistir. A decana solicítalles que manden toda a información relativa ás xornadas para darlle a debida publicidade.



Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.30 h do día 6 de abril de 2018, da que eu como secretaria , dou fe co visto e praxe da decana.

A decana

A secretaria

Susana Reboreda Morillo

Josefina Cadilla Lomba